

MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19 NOS CENTROS DE TRABALLO TRAS O LEVANTAMENTO DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA EN GALICIA

25/10/2021

Unha vez finalizada a situación de emerxencia sanitaria en Galicia resúmense deseguido cales son as medidas preventivas que se deben seguir aplicando nos centros de traballo e o seu marco normativo.

Medidas a nivel estatal

No territorio español, desde o 9 de maio, son de aplicación as medidas contidas nos capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta da **Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.**

Estas medidas estarán vixentes ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, previo informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En concreto a **Lei 2/2021 establece no artigo 7** as medidas de **prevención e hixiene aplicables aos centros de traballo** en todo o territorio nacional:

Artigo 7. Centros de traballo.

1. Sen prexuízo do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e do resto da normativa laboral que resulte de aplicación, o titular da actividade económica ou, no seu caso, o director dos centros e entidades, deberá:

- a) Adoptar medidas de ventilación, limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos centros de traballo, conforme os protocolos que se establezan en cada caso.*
- b) Poñer ao dispor dos traballadores auga e xabón, ou xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida, autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans.*
- c) Adaptar as condicións de traballo, incluída a ordenación dos postos de traballo e a organización das quendas, así como o uso dos lugares comúns de forma que se garanta o mantemento dunha distancia de seguridade interpersoal mínima de 1,5 metros entre os traballadores. Cando iso non sexa posible, deberá proporcionarse aos traballadores equipos de protección adecuados ao nivel de risco.*
- d) Adoptar medidas para evitar a coincidencia masiva de persoas, tanto*



traballadores como clientes ou usuarios, nos centros de traballo durante as franxas horarias de previsible maior afluencia.

e) Adoptar medidas para a reincorporación progresiva de forma presencial aos postos de traballo e a potenciación do uso do teletraballo cando pola natureza da actividade laboral sexa posible.

2. As persoas que presenten síntomas compatibles con COVID-19 ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19 ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con COVID-19 non deberán acudir ao seu centro de traballo.

3. Se un traballador empezase a ter síntomas compatibles coa enfermidade, contactarase de inmediato co teléfono habilitado para iso pola comunidade autónoma ou centro de saúde correspondente, e, no seu caso, cos correspondentes servizos de prevención de riscos laborais. De maneira inmediata, o traballador colocarse unha máscara e seguirá as recomendacións que se lle indiquen, ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

E tamén regula o uso **obrigado de máscaras no seu artigo 6** para toda a poboación.

Tanto as medidas recollidas no artigo 6 como as do artigo 7 da Lei 2/2021 **continúan vixentes** no momento actual.

Deberase ter en conta que **esta lei pode sufrir modificacións** que pode consultar en:

https://administracion.gob.es/pag_Home/atencionCiudadana/Crisis-sanitaria-COVID-19.html

Medidas a nivel autonómico

Así mesmo Galicia, tras o levantamento da situación de emerxencia sanitaria, ten como instrumento normativo para controlar a transmisión do virus en función da situación epidemiolóxica a **Lei 8/2021**, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, **de saúde de Galicia**, sendo unha das súas principais finalidades a de **concretar as medidas que**, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, **poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública**, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, atendendo á evolución da pandemia.



Esta lei recolle a posibilidade de limitar aforos, horarios e establecer regras que se deben observar para o mantemento de diferentes actividades, polo que haberá que cumprir co ditado pola autoridade sanitaria galega a este respecto, en canto ao que poida afectar aos centros de traballo.

No momento actual as medidas de prevención para Galicia, veñen recollidas na **ORDE do 22 de outubro de 2021** pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia (DOGnúm. 204-Bis, do 22 de outubro de 2021) e teñen efecto desde as **00.00 horas do día 23 de outubro ata as 00.00 horas do día 27 de novembro de 2021**.

Hai que destacar que esta orde recolle especificamente o seguinte no punto **1.4 do seu anexo relativo ao uso obrigado da máscara**:

1.4, b), 4ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara

E tamén recolle no punto **3.14**, as medidas a ter en conta para a **realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais, congresos e outros eventos**.

Ligazón á Orde do 22 de outubro de 2021:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20211022/2796/AnuncioC3K1-221021-2_gl.pdf

Lémbrese que toda a **información actualizada** sobre as **medidas vixentes en Galicia** para o control da COVID-19 están recollidas na páxina web do Sergas, no seu apartado de "Restricións coronavirus" e no seu apartado "Normativa", nas seguintes ligazóns:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Restriccions-concellos>

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Normativa-autonomica->



DE REFERENCIA
COVID.19- ISSGA